

DECRETO DA ALCALDÍA 479/09

Antecedentes

1. Visto que mediante acordo plenario de 14/9/2009 aprobouse o expediente de contratación e as condicións xerais e particulares que rexerían a concertación do préstamo destinado a dotación de acabado de herba sintética ao terreo de xogo do campo de fútbol de Chan do Vilar de Figueirido.

2. Visto que con data de 1/10/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe da Intervención Municipal incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación en favor do Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade coa delegación conferida polo Pleno nesta alcaldía mediante acordo de 14/9/2009,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Declarar válido o acto de licitación.

SEGUNDO. Adxudicar provisionalmente o préstamo destinado a dotación de acabado de herba sintética ao terreo de xogo do campo de fútbol de Chan do Vilar de Figueirido en favor da entidade bancaria Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. por importe de 207.553,12 €e demáis condicións establecidas na súa oferta e proxecto de contrato resumidas a continuación:

Tipo de Xuro: Euríbor 1 ano + 1,49 %

Xuros de Mora: A suma de xuro do contrato máis unha marxe adicional do 2%.

TERCEIRO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios do contrato.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 1 de outubro de 2009
O alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez